

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 6 de outubro de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

FOD1.- APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN DO 34 FESTIVAL INTERNACIONAL OUTONO DE TEATRO (FIOT)

ANTECEDENTES DE FEITO

Entre o 25 de setembro e o 31 de outubro terá lugar a 34 edición do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), organizado conxuntamente pola Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo. Desde hai 34 anos, celébrase en Carballo o FIOT, que se converteu no evento cultural máis importante e de máis proxección de Carballo e da comarca de Bergantiños, cunha programación teatral de moi alta calidade, e un dos dous festivais de artes escénicas máis importantes e con maior notoriedade de Galicia, sendo un elemento esencial na estrutura de festivais da Comunidade, polo seu carácter estratéxico na difusión e visualización das artes escénicas de Galicia.

A finalidade do FIOT abrangue diferentes ámbitos das artes escénicas, pero vai máis aló, incidindo noutros ámbitos culturais e sociais, así como na articulación, dinamización e proxección de Carballo. Entre os seus obxectivos están enriquecer e democratizar a oferta teatral de Galicia, ofrecendo un variado programa teatral de calidade con propostas novidasas, que habitualmente teñen unha limitada presenza na nosa Comunidade e, en concreto, na comarca de Bergantiños e Costa da Morte; incorporar á oferta teatral propostas de creación contemporánea e novas tendencias e linguaxes escénicas; captar novos públicos e implicar aos espectadores e á cidadanía en xeral en proxectos teatrais, incorporando o teatro á vida cotiá, e contribuíndo ao reequilibrio territorial da oferta; colaborar e apoiar a creación escénica ofrecendo un marco para a presentación e estrea de espectáculos en Galicia e participar na creación de novas propostas e colaborar na produción; rendibilizar un modelo organizativo que combina a xestión dunha entidade cultural privada e a pública, xerando sinerxías que impliquen nun proxecto cultural aos diversos axentes do territorio ou consolidar Carballo como referente para as artes escénicas de Galicia.

Os recoñecementos recibidos por multitude de axentes culturais avalan a calidade da proposta e visibilizan e validan a súa longa traxectoria e o comprometido e intenso traballo de achegamento das artes escénicas no século XXI á cidadanía:

- Premio Rodolfo Prada á Xestión Cultural 2024, para persoas voluntarias ou colectivos afeccionados outorgado pola Deputación de Ourense á Asociación Cultural Telón e Aparte como organizadora do FIOT destacando o seu programa comprometido coas artes escénicas e cos proxectos teatrais de máis prestixio ao longo de máis de tres décadas de existencia.
- Premio da Cultura Galega 2018, no ámbito das artes escénicas, concedido pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo. Co galardón máis importante da nosa comunidade no ámbito cultural distínguese a excelencia no traballo e a proxección da construción cultural de Galicia, destacándose o FIOT como "referente na difusión e visualización das artes escénicas de Galicia (...) pola súa traxectoria, calidade da programación e a variedade das propostas de intermediación cultural que ofrece e (...) como un dos máis importantes festivais de Galicia."
- Premio Galego do Ano 2018, concedido polo Padroado Fogar de Bergantiños, prestixioso galardón de iniciativa social con 40 anos de traxectoria e outorgado polas entidades culturais, sociais e deportivas da Comarca de Bergantiños, que supón o recoñecemento do noso contorno máis próximo ao FIOT.
- Recoñecemento como Boa Práctica para a Xestión Cultural, coa certificación que promove a Deputación da Coruña e a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC) aos mellores proxectos singulares e innovadores de xestión cultural de Galicia.
- Recoñecemento como un dos Eventos e Accións Culturais máis Destacados de Galicia dos anos

2022, 2023 E 2024 (Posto 31 e Primeiro do Ámbito das Artes Escénicas), segundo o Barómetro da Cultura Galega realizado polo Consello da Cultura Galega.

- Recoñecemento do FIOT entre os 10 Proxectos Culturais máis Importantes de Galicia, segundo os informes dos últimos anos (2024, 2023, 2022, 2021, 2019, 2018, 2017, 2016) do Observatorio de la Cultura en España, sendo o único festival de artes escénicas da nosa comunidade que aparece neste ranking desde o comezo da redacción destes informes (informe elaborado pola Fundación Contemporánea a partir da opinión dun panel de expertos para avaliar as actividades culturais en España).
- Recoñecemento como Insignia Cultural de Galicia que recoñece a proposta máis salientable de cada Comunidade Autónoma. No ano 2022 o Observatorio de la Cultura en España recoñeceu ao FIOT como o mellor proxecto cultural de Galicia.

A súa calidade, proxección, traxectoria e recoñecementos avalan o carácter excepcional do FIOT, sendo unha actividade cultural única no Concello, de interese social e cultural singular para Carballo, así como de interese público pola proxección do municipio, non existindo ningunha outra acción de similares características nin unha convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do Concello dirixida a eventos similares. A Asociación Cultural Telón e Aparte non dispón de fondos propios cos que facer fronte a este proxecto de interese xeral e precisa de axudas públicas para o seu financiamento.

O programa previsto inclúe 45 espectáculos, distribuídos en diferentes ciclos, 9 no Programa de Sala, 6 no ciclo OTNI, 3 no FIOT en Ruta, 13 na Rúa dos Contos, compañías doutras 8 comunidades autónomas de España e países como Bélxica e Arxentina, así como un amplo programa de actividades paralelas como a XXVI edición da Rúa dos Contos, Teatro de Rúa, XXIV Concurso Escolar de Teatro Lido "Xosé Manuel Eirís", entrega do galardón Xograr de Outono, Programa de Voluntariado, o Premio do Público "Outono de Teatro 2025", o M² e o FIOTeen,... así como outras actividades organizadas exclusivamente pola Asociación Cultural Telón e Aparte e que teñen lugar durante o festival. Aínda que a situación actual derivada da crise sanitaria ocasionada pola pandemia do COVID 19 cambiou substancialmente, debemos contemplar a posibilidade de posibles adaptacións do programa previsto ás circunstancias que poidan xurdir como a cancelación por enfermidade por esta ou outras causas.

Con data de rexistro de entrada no Concello núm. 20250000005064 do 12 de setembro de 2025 a Asociación Cultural Telón e Aparte solicitou a axuda económica do Concello de Carballo para o desenvolvemento do programa da 34 edición do FIOT, xuntando: presuposto desglosado de ingresos e gastos, certificados de estar ao corrente coas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade para contratar. Na dita solicitude indican que a Asociación Cultural Telón e Aparte iniciou a preparación do FIOT 2025 no pasado mes de xaneiro e o programa se celebrará entre o 25 de setembro e o 31 de outubro.

A Concellaría de Cultura realizou unha proposta de decreto (2025/G003/002857) para a aprobación da colaboración do Concello coa A.C. Telón e Aparte na organización da 34 edición do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) e a aprobación do programa de actividades, do dito festival.

No orzamento municipal de 2025, contéplase unha subvención por un importe de 45.000 € a favor da Asociación Cultural Telón e Aparte. Este gasto irá con cargo da aplicación orzamentaria "3340.48901 Subvencións actividades culturais nominativas" do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2025. Esta aportación económica ten o carácter de subvención nominativa, e así ven prevista na base vixésima novena das bases de execución do Orzamento para 2025.

A interventora municipal emitiu o informe de fiscalización ao outorgamento da subvención o día 03/10/2025; o RC ten a mesma data.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúen competencias aos concellos de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais e o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril,

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G007/000020

reguladora das bases do réxime local, establece como competencia propia dos concellos a promoción da cultura e da ocupación do tempo libre.

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL).

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia regulan o réxime xurídico xeral de subvencións outorgadas polas administracións públicas, especificando o réxime xurídico de aplicación no outorgamento de subvencións nominativas así como o procedemento de xestión e xustificación das subvencións. O artigo 22 da Lei 38/ 2003 de subvencións, establece o procedemento ordinario, sendo excepcional o procedemento de concesión directa e establecéndose que para que poida utilizarse este último procedemento será necesario que as subvencións estean previstas nominativamente no Orzamento, ou ben impostas por unha norma de rango legal, ou ben, por último, aquelas nas que con carácter excepcional se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo regula as regras básicas que rexirán as convocatorias de subvencións a conceder por este concello, e as clases de subvencións segundo o procedemento de concesión e os requisitos das subvencións de concesión directa.

O órgano municipal competente para adaptar o presente acordo é a Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía mediante Decreto 1646/2023, do 22 de xuño, de designación de membros da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados e sendo de interese para o Concello de Carballo a realización desta actividade, e en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder unha subvención á Asociación Cultural Telón e Aparte (CIF G15417165) por un importe de 45.000 € (corenta e cinco mil euros) para colaborar a sufragar os gastos derivados da organización do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), segundo o presuposto e detalle de gastos presentado, con cargo a aplicación orzamentaria 3340.48901 Subvencións actividades culturais nominativas (núm. de operación RC 220250012212 do 3 de outubro de 2025).

A calidade, proxección, traxectoria e recoñecementos avalan o carácter excepcional do FIOT que xustifica a concesión da subvención nominativa, sendo unha actividade cultural única no Concello, de interese social e cultural singular para Carballo, así como de interese público pola proxección do municipio, non existindo ningunha outra acción de similares características nin unha convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do Concello dirixida a eventos similares. A Asociación Cultural Telón e Aparte non dispón de fondos propios cos que facer fronte a un proxecto desta envergadura e precisa de axudas públicas para o seu financiamento.

A organización do Festival conleva a realización de diversas tarefas de programación, deseño, comunicación, produción e xestión previas á celebración dos espectáculos ou actividades, así como o gasto derivado das mesmas, que, xunto coa celebración dos espectáculos tamén forman parte do Festival. Para a xustificación do cumprimento do obxecto da subvención teranse en conta a posibilidade de posibles adaptacións do programa previsto ás circunstancias que poidan xurdir como a cancelación por enfermidade ou outras causas.

Esta subvención do Concello de Carballo é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G007/000020

Non obstante, no caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios, respecten os límites da normativa aplicable e nos que se incorra ao longo do período de actividade establecido ou para a preparación da actividade que tivera que ser cancelada por causas de forza maior ou caso fortuíto non imputable á organización, como tarefas de programación, deseño, comunicación, produción e xestión previas á celebración dos espectáculos ou actividades así como os gastos derivados dos mesmos que, xunto coa celebración dos espectáculos tamén forman parte do programa.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Excepcionalmente, admitiranse os pagos dos impostos devengados no último trimestre do ano, pero cuxo pago deba realizarse no exercicio seguinte, sempre que o gasto se refira ao período subvencionable.

Os pagos deben acreditarse a través de transferencia bancaria, sólo excepcionalmente se admitirán os pagos en efectivo cando o seu importe sexa inferior a 150 €.

Para o non previsto neste acordo de concesión será de aplicación o disposto na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e na demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

Segundo.- Debido ao interese social e cultural singular así como ao interese xeral e público que o Festival Internacional Outono de Teatro ten para Carballo, e á importancia, e custe do programa, e tipo de gastos asumidos pola Asociación Cultural Telón e Aparte, como contratacións artísticas que requiren, en moitos casos, do pago anticipado dos servizos prestados, sen que a asociación teña capacidade económica para asumilos, o pago desta subvención terá carácter prepagable e ingresarse nun só pago na conta bancaria designada por dita asociación, sen necesidade de constituír garantía.

O pago realizarase unha vez notificado este acordo e sempre que a asociación acredite estar ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e o Concello de Carballo. Así mesmo deberá presentar declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública.

A asociación estará obrigada a reintegrar o importe recibido en concepto de anticipo, se por calquera circunstancia o programa non se realizase ou non se cumprira coas obrigas e requisitos establecidos para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

Terceiro.- A asociación terá que xustificar o cumprimento da actividade subvencionada, mediante a presentación, unha vez finalizado o proxecto, e antes do 30 de maio de 2026, da seguinte documentación:

- o Memoria das actividades xustificativas do cumprimento do obxecto da subvención.

Para a xustificación do cumprimento do obxecto da subvención teranse en conta a posibilidade de posibles adaptacións do programa previsto ás circunstancias que poidan xurdir como a cancelación por enfermidade ou outras debidamente xustificadas.

- o Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G007/000020

- o Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do orzamento presentado na solicitude.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios, respecten os límites da normativa aplicable e nos que se incorra ao longo do período de actividade establecido ou para a preparación da actividade que tivera que ser cancelada por causas de forza maior ou caso fortuíto non imputable á organización.

- o Facturas orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas, por importe cando menos, da contribución do Concello de Carballo.
- Acreditación da difusión realizada das actividades e que as mesmas contan co financiamento do Concello de Carballo.